



## **BASES REGULADORAS PARA PARTICIPAR NO PROXECTO DE INICIATIVA LOCAL DIRIXIDA Á MOCIDADE “EMPREGA EN 3D.”**

### **Primeira.- Fundamentación.**

A Concellería de Xuventude do Concello de Baiona, consciente da necesidade de formación da mocidade, e para incrementar as súas posibilidades de inserción laboral, organiza este proxecto de iniciativa local dirixida á mocidade, relacionado co eido das novas tecnoloxías, xa que o deseño e a impresión en 3D é unha formación moi demandada nas empresas na actualidade.

Esta formación complementábase cun obradoiro de fomento do espírito emprendedor, un obradoiro de búsqueda de emprego a través do smartphone, e un período de prácticas.

### **Segunda.- Datas e programa da actividade:**

As actividades do proxecto desenvolveranse según o seguinte cronograma:

- Curso de deseño e impresión en 3D: do 6 ao 30 de setembro (80 horas).
- Obradoiro de emprendemento e búsqueda de emprego a través do Smartphone: 1 de outubro (5 horas).
- Realización de prácticas en empresas do sector: do 2 ao 11 de outubro.(40 h.)

A fase teórica do proxecto realizarase no Centro Multiusos Ángel Bedriñana de Baiona, e a fase práctica realizarase en empresas relacionadas coas novas tecnoloxías ubicadas na área de influencia de Vigo. O horario da formación será de 9 a 14h.

Estas datas poden sufrir algunha variación.

### **Terceira.- Requisitos dos/das participantes:** Ter entre 16 e 30 anos de idade.

**Quarta:** Poderán participar neste proxecto 15 mozos ou mozas que cumpran co requisito da idade (15 en total).

**Quinta.- Prezo:** Gratuito para os participantes. A actividade está subvencionada pola Orde do 28 de decembro de 2018, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019.

### **Sexta.- Prazo e lugar de presentación de solicitudes:**

As persoas interesadas en presentar unha solicitude de participación deberán recoller o formulario correspondente na Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) do 16 ao 4 de setembro, e entregalo no Rexistro Xeral ou na Sede Electrónica do Concello de Baiona ([baiona.sedelectronica.gal](http://baiona.sedelectronica.gal)), xunto coa copia do DNI.



EXCMO. CONCELLO DE  
**BAIONA**

Poderán admitirse solicitudes de participación fora de prazo, sempre que existan prazas baleiras.

**Sétima.- Adxudicación de prazas:**

A adxudicación de prazas realizarase mediante rigoroso orde de entrada de solicitudes.

**Oitaba.- Lista de agarda:**

As persoas que non dispoñan de praza, pasarán a formar parte da lista de agarda, coa finalidade de cubrir as baixas que se poidan producir.

Máis información na Omix do Concello de Baiona, teléfono 986385921, ou en [xuventude@baiona.org](mailto:xuventude@baiona.org)